

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 28 de abril de 2023**  
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo once horas do día vinte e oito do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32585.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 21 de abril 2023.

2.32586.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O GROVE NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2023) LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ADQUISICIÓN DIRECTA DA PARCELA CONSTRUÍDA NO N° 31 DA RÚA LUÍS A. MESTRE PARA USOS SOCIAIS” (Expte. 2023006545)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un Plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.



- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (Liña 2).
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.



- En data 01/02/2023 por rexistro WEB2023005380, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, petición do *concello de O Grove* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 100.000,00 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Adquisición directa da parcela construída no nº 31 da Rúa Luís A. Mestre para usos sociais*”, cun orzamento que importa 1.030.338,50 euros, quedando configurada a súa petición tal e como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención a cargo do Plan Concellos	Fondos propios do Concello
TOTAL	1.030.338,50€	100.000,00€	930.338,50€

- En data posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 13/02/2023.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.



- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

## DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 13/02/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 21/04/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de O Grove* CIF P3602200B a cantidade de 100.000,00 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Adquisición directa da parcela construída no nº 31 da Rúa Luís A. Mestre para usos sociais*”, (expediente: 2023006545) cun orzamento de compra venda que ascende a 1.030.338,50 euros, quedando configurada a súa petición tal e como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención a cargo do Plan Concellos	Fondos propios do Concello
TOTAL	1.030.338,50€	100.000,00€	930.338,50€

- A concesión da subvención faise condicionada a que o *Concello* acredite o pagamento total das anualidades pendentes de pago correspondentes aos exercicios 2024 e 2025 segundo o acordado na escritura de compraventa asinada, dado que este trámite resulta imprescindible para que a entidade acredite a plena dispoñibilidade da parcela obxecto da adquisición. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Convén lembrar que a merca da parcela debe estar vencellada a usos sociais.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A xustificación realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o *concello de O Grove* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.



- Ao abeiro da Base Reguladora 21<sup>a</sup>.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de O Grove*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.32587.- ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XIII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE MEAÑO, MEIS E VILANOVA DE AROUSA”. (Expte. 2020043392)

No expediente consta o informe da xefa do servizo de Cooperación, que literalmente se transcribe:

*“Á vista da Resolución favorable a solicitude de modificación das condicións iniciais relativas ao prazo de formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: Renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meaño, Meis e Vilanova de Arousa”, e co obxecto de aceptar a Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2023008471 e data 17/04/2023, a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:*

#### I. ANTECEDENTES

*Dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE núm. 80 do 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d, a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.*

*O 21/12/2020 preséntase ante o IDAE o citado proxecto “Iluminación exterior sostible XIII: Renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meaño, Meis e Vilanova de Arousa”, asignándosele o rexistro núm. 202000017112. Tras a súa avaliación, en data 22/04/2022 (rexistro de entrada número: 2021015343) recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e se concede a subvención con cargo a FEDER por importe de 274.855,56 euros, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL 2020-005816.*

*O obxecto do proxecto consiste na mellora da eficiencia enerxética das instalación de alumeado, iluminación e sinalización exterior dos concellos. Con estas actuacións conseguirase un aforro estimado no consumo da enerxía eléctrica da instalación reformada en polo menos, un 30%.*



Na devandita resolución, pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto citado resólvese, entre outras, as seguintes cuestións:

Importe da axuda concedida

Conceder a Deputación de Pontevedra, titular de NIF: P3600000H, unha axuda por importe máximo de 274.855,56 euros.

Custe elixible admitido para o proxecto O custe elixible admitido é o seguinte:

Municipio	Medida	Instalación	Inversión total admitida	Coste elixible admitido	*Coste subvencionable admitido	Axuda a outorgar (cofinanciación FEDER)
Meaño	Medida 6	Alumeado público en Meaño	100.525,35€	100.525,35€	100.525,35€	80.420,28€
Meis	Medida 6	Alumeado público en Meis	90.181,88€	90.181,88€	90.181,88€	72.145,50€
Vilanova de Arousa	Medida 6	Alumeado público en Vilanova de Arousa	152.862,23€	152.862,23€	152.862,23€	122.289,78€
		Total	343.569,46	343.569,46	343.569,46	274.855,56€

Aceptación da axuda.

De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 das bases que rexen esta convocatoria, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.

Condicións e termos da concesión da axuda

Nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.

O prazo máximo para a conclusión das actuacións acollidas á convocatoria é o 31 de xullo de 2023, a cuxo efecto deberá achegarse un certificado final de obra, onde conste dita data, asinado polo técnico competente, todo iso salvo a eventual ampliación do prazo de execución nos termos previstos no artigo 14.3 da convocatoria de axudas, que en calquera caso estará supeditada ao cumprimento dos prazos para verificación e certificación establecidos no Programa Operativo FEDER Plurirexional de España 2014-2020 (POPE) para o ano 2023.





*A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 06 de maio de 2022, adoptou, entre outros, o acordo número 7.31677 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 “Renovación das instalacións do alumado exterior dos municipios de Meaño, Meis e Vilanova de Arousa”, expediente 2020043392.*

*Con data 04/04/2023 con número de rexistro no IDAE 202300011911, ao amparo do artigo 14 do RD 616/2017, do 16 de xuño, a Deputación de Pontevedra solicita ante o IDAE a modificación das condicións iniciais de concesión de axuda polas seguintes causas: “debido entre outras á demora por parte dos concellos na sinatura do convenio de colaboración necesario para o cofinanciamento das actuacións e tamén á carga de traballo actual do servizo de Contratación, que non permitiron formalizar os correspondentes contratos administrativos e, consecuentemente iniciar os traballos necesarios para levar a cabo a renovación das instalacións de alumado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa do proxecto IDAE núm.FEDER-EELL-2020-005816”.*

*Finalmente despois da avaliación da solicitude presentada, en data 17/04/2023 e con rexistro de entrada número na Deputación de Pontevedra 2023008471, recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que acepta a ampliación de prazo solicitada para a formalización das contratacións das actuacións obxecto da axuda e por tanto, modificar a resolución de data 22/04/2022, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 274.855,56 euros, asignándolle el número de proxecto FEDER-EELL-2020-005816. Neste sentido no prazo máximo de (1) un ano + mes e medio (1,5) meses adicionais de ampliación de prazo desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.*

*A modificación non dana dereitos de terceiros e non altera as condicións económicas da axuda concedida non os prazos de execución establecidos inicialmente.*

## II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).



- Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Real Decreto 616/2017).
- Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### *Competencia:*

- De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 do Real Decreto 616/2017, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.
- Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.
- Segundo o establecido coa base 11ª e 27ª das Bases de execución do orzamentos provincial e en relación aos artigos 43, 44 e 45 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da TRLFL o expediente de xeración de crédito, previo informe de Intervención, será aprobado pola Presidencia ou pola Xunta de Goberno da Deputación.
- Segundo o artigo 174 do TRLRFL, poderán adquirirse compromisos de gasto que se estendan a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, de xeito que a súa realización se subordinará ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.
- Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.
- Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que a Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.
- Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en tódolos concellos o alumeado público.

### *Petición e evacuación de informes:*

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.



### *Resolución do expediente*

- *Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.*
- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Artigo 4.2 do Real Decreto 616/2017 polo que no caso de presentación agrupada ou representada, deberá subscribirse un acordo, que inclúa entre outras as obrigas que asume cada parte. A estes efectos, a Deputación comprométese a financiar unha porcentaxe das actuacións.*

### **III. CONCLUSIÓNS**

*O proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: Renovación das instalacións de alumado exterior dos municipios de Meaño, Meis e Vilanova de Arousa” no marco das actuacións ao abeiro do programa de Economía Baixa en Carbono, foi presentado ante o IDAE pola Deputación coa fin de mellorar a eficiencia enerxética das instalacións de alumado, iluminación e sinalización exterior dos concellos. Con esta actuación conseguirase un aforro estimado no consumo do 30%. Para o seu financiamento solicitouse unha axuda con cargo a FEDER (máximo 80% do custe elixible), completándose cunha achega por parte da Deputación do 10% de cada actuación incluída no proxecto, cun máximo de 20.000 euros, e achegando o importe restante os concellos do proxecto como entidades beneficiarias.*

*Posteriormente e ao amparo do artigo 14 do RD 616/2017, do 16 de xuño, a Deputación de Pontevedra solicita ante o IDAE a modificación das condicións iniciais de concesión de axuda debido entre outras á demora por parte dos concellos na sinatura do convenio de colaboración necesario para o cofinanciamento das actuacións e tamén á carga de traballo actual do servizo de Contratación, que non permitiron formalizar os correspondentes contratos administrativos e, consecuentemente iniciar os traballos necesarios para levar a cabo a renovación das instalacións de alumado exterior dos municipios de Meaño, Meis e Vilanova de Arousa do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816. A ampliación do prazo máximo de (1) un ano incrementa en mes e medio (1,5) meses adicionais o prazo inicial para a formalización das contratacións necesarias para a execución das actividades obxecto da axuda.*

*Finalmente despois da avaliación da solicitude presentada, en data 17/04/2023 (rexistro de entrada número na Deputación: 2023008471) recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que acepta a ampliación de prazo solicitada para a formalización das contratacións das actuacións obxecto da axuda e por tanto, modificar a resolución de data 22/04/2022, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 274.855,56 euros, asignándolle el número de proxecto FEDER-EELL-2020-005816, estendéndose dito prazo ata o 07/06/2023.*

*A modificación non dana dereitos de terceiros e non altera as condicións económicas da axuda concedida non os prazos de execución establecidos inicialmente.*



*Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o proxecto IDAE NÚM. FEDEREELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: Renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meaño, Meis e Vilanova de Arousa” é necesario realizar a aceptación por parte da Deputación de Pontevedra das condicións da Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2023008471 e data 17/04/2023 na que acepta a ampliación de prazo solicitada para a formalización das contratacións das actuacións obxecto da axuda, estendéndose dito prazo ata o 07/06/2023 e, por tanto, modifica a Resolución de data 22/04/2022, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 274.855,56 euros.*

*Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO a ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: Renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meaño, Meis e Vilanova de Arousa”, expediente 2020043392, de acordo coa distribución do financiamento exposta nos antecedentes.*

#### IV. RÉXIME COMPETENCIAL

*En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*

*Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.*

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica.*

*A xefa do servizo de Cooperación  
Marina Piñeiro Novo”*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 18/04/2023, e da Intervención Provincial de data 07/03/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a modificación do prazo de formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto da axuda do expediente IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020005816 “Iluminación exterior sostible XIII: Renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meaño, Meis e Vilanova de Arousa”, expediente 2020043392, aprobado mediante Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2023008471 e data 17/04/2023, estendéndose dito prazo ata o 07/06/2023.
- Darlle traslado do presente acordo ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), ós concellos beneficiarios, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.



4.32588.- AUTORIZAR A SUBSTITUCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO QUE FIGURA NO EXPEDIENTE NÚM. 2021017895 DENOMINADO “POSTA EN VALOR DO CAMIÑO INTERIOR DE SANTRADÁN (SANTO ADRIÁN DE COBRES)”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2021 (EXPTE.: 2021017895)

#### ANTECEDENTES

En data 16/07/2021, mediante acordo da xunta de goberno núm. 14.30573, concedeuse ao Concello de Vilaboa, polo procedemento de concorrncia non competitiva, unha subvención por importe de 76.407,39 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Posta en valor do camiño interior de Santracán (Santo Adrián de Cobres)*” (expte.2021017895), en base a un orzamento polo mesmo importe. A concesión da subvención quedou condicionada, entre outras, a obtención da resolución favorable do Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

En data 04/01/2023, con núm. WEB2023000732, consta entrada na sede electrónica da Deputación da documentación xustificativa do gasto efectuado en relación ao investimento arriba referido, solicitando o concello o libramento da subvención concedida en proporción ao xustificado.

Mais, o facultativo técnico de cooperación, ao realizar a comprobación formal das unidades de obra comproba a existencia de certas desviacións con respecto ao proxecto aprobado e achegado coa solicitude de subvención (WEB2021014154), debido á existencia dun proxecto reformulado que foi aprobado, en tempo e forma, polo concello pero que por un erro administrativo non foi achegado á Deputación para a súa conformidade. O proxecto reformulado foi redactado para cumprir coas cautelas impostas por Patrimonio e facer as actuacións recollidas no proxecto compatibles coa protección do patrimonio cultural.

En data 16/03/2023 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2023017548, dunha instancia xenérica do Concello de Vilaboa que anexa o documento técnico que rexeu a execución do contrato e o decreto da alcaldía núm. 2021-0985, de data 16/12/2021, que aproba dito documento técnico, e solicita a súa validación.

Neste contexto, o proxecto reformulado descritivo das obras a realizar non modifica a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada nin altera o custe do investimento, permanecendo a subvención outorgada pola Deputación invariable.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

##### Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

#### Consideracións Xurídicas

##### Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia non competitiva.

##### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención.



## Resolución do expediente:

- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
- A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2021, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada. A solicitude motivada debe presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e non prexudicar dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e visto o informe do persoal facultativo de Cooperación, de data 24/03/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 19/04/2023 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto, e do informe favorable da intervención provincial, de data 19/04/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a substitución do proxecto técnico que figura no expediente núm. 2021017895, constando en dito expediente o acordo da Xunta de Goberno núm. 14.30573, do día 16/07/2021, polo que se concedía ao *Concello de Vilaboa*, CIF: P3605800F, unha subvención por importe de 76.407,39 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Posta en valor do camiño interior de Santradán (Santo Adrián de Cobres)*” (Expte.2021017895).
- O proxecto reformulado, que se redacta para cumprir as cautelas impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio, non prexudica dereitos de terceiros, non modifica a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada nin altera o custe do investimento, permanecendo a subvención outorgada pola Deputación invariable.



- Manter invariables os pronunciamentos recollidos no acordo da Xunta de Goberno núm. 14.30573, de 16/07/2021, relativos á licitación, execución e xustificación do investimento.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilaboa*, ao Servizo de Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.32589.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 2403 MOSENDE-MORGADÁNS E NA E.P. 2404 ACCESO A CHENLO (CONCELLOS DE O PORRIÑO E GONDOMAR)”. (Expte.2021033984)

Resultando.- Que Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/02/2022 acordou adxudicar o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)*”, á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U, por un importe de 443.715,24 euros IVE incluído e un prazo de execución de catro (4) meses.

Resultando.- Que con data 07/04/2022 formalízase acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 07/08/2022. Con data 8/04/2022 formalízase entre o contratista e a dirección de obra, acta de paralización parcial da obra recollendo as unidades de obra que quedan suspendidas.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 16/09/2022 acordou aprobar o proxecto modificado da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)*”. Recolle o citado acordo que debido á suspensión parcial das obras motivada pola necesidade de redacción do proxecto modificado, o prazo de execución das unidades suspendidas non varía, sendo polo tanto o prazo de execución do proxecto modificado de CATRO (4) MESES, que contarán a partires da data de formalización do contrato modificado, considerando dende esa data reiniciada a execución das obras.

Resultando.- Que con data 29/09/2022 formalizouse entre o contratista e a Deputación contrato modificado nº1, establecendo coma data para finalizar as unidade de obras suspendidas o día 29/01/2023.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 02/12/2022 acordou autorizar a suspensión na execución do contrato de obras paralización parcial da execución do contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)*”, con efectos dende o 11/11/2022.





Resultando.- Que o citado acordo recolle que solucionadas as causas que deron lugar á suspensión parcial da execución desta obra, formalizárase entre o contratista e a directora de obra acta de reinicio, quedando nese intre dous meses e dezaoto días, para finalizar a obra.

Con data 06/02/2023 formalízase entre o director de obra e o contratista acta de reinicio das obras, establecéndose nese intre coma data para finalizar a mesma o día 24/04/2023

Resultando.- Que con data 10/04/2023 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de dous (2) meses, debido a que os retrasos producidos na fabricación e no subministro dos materiais correspondentes as partidas pendentes de executar do contrato, impide o cumprimento do prazo de execución establecido

Resultando.- Consta no expediente informe do director de obra (CSV) KJ6A8CUHJ748Q8CI no que se recolle que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra en dous (2) meses ata o 24 de xuño de 2023.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) 8DAK1QXH45ZBKV52 no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”.

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”.

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...” .

Considerando.- Que en virtude da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A. o Lote 3 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)”.



Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á ATENEA SEGURIDAD Y MEIDOAMBIENTE, S.A. para a adxudicación do Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na ampliación da execución do contrato de obras "*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)*" por un importe de 1.064,24 euros IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC número 202300086674, por importe de 1.064,24 euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Ampliar dous (2) meses o prazo de execución do contrato de obras "*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)*" establecendo coma data para finalizar a obra o día 24/06/2023, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEIDOAMBIENTE, S.A. (CIF A82876905) o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na ampliación da execución do contrato de obras "*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)*" por un importe de 1.064,24 euros de acordo co seguinte detalle:

Importe .....	879,34 €
IVE (21 %) .....	184,66 €
Importe total .....	1.064,24 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante os dous (2) meses polos que se amplía o prazo de execución do contrato de obras "*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)*", con efectos dende o 24/04/2023

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023030678



6.32590.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 0407 BORELA-PONTE CALDELAS, ENTRE OS P.Q. 8+775 E O P.Q. 9+000 (CONCELLO DE PONTE CALDELAS)”. (Expte.2022015054)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 12/08/2022 acordou adxudicar á empresa Construcciones y Obras Taboada Y Ramos S.L., (CIF:B94181807) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)*” por un importe de 233.538,08 euros IVE incluído, e un prazo de execución de seis (6) meses.

Resultando.- Que con data 19/09/2022 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 19/03/2023.

Resultando.- Que con data 22/12/2022 formalizouse entre o director de obra e o contratista, acta de paralización total das obras, quedando nese intre a directora da obra e o contratista, acta de paralización total das obras, quedando nese intre oitenta e sete (87) días para a finalización do prazo de execución.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 30/12/2022 acordou autorizar a suspensión total da execución do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)*” con efectos dende o 22/12/2022.

Resultando.- Que con data 20/12/2022 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de dous (2) meses, debido a que as condicións climatolóxicas do mes de novembro e decembro, nos se puido executar certas unidades de obra ó ritmo desexado co fin de non comprometer a calidade final da obra.

Resultando.- Que recolle o citado acordo que solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre oitenta e sete (87) días para finalizar a obra.

Resultando.- Que con data 11/01/2023 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de reinicio das obras, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 08/04/2023

Resultando.- Que con data 12/04/2023, finalizado o prazo de execución, tivo entrada a través do rexistro electrónico da Deputación, escrito do contratista no que solicita unha ampliación do prazo de execución de un (1) mes, debido a que a execución das canalización previstas para o soterramento das redes de telecomunicacións e electricidade existentes, realizadas por empresas alleas á execución desta obra, produciron retrasos continuos na execución da obra debido á complexidade de execución dos traballos por servizos de trazado descoñecido, que obrigaron a cambio de trazados para manter ás profundidades das zanzas esixidas.



Resultando.- Que a isto cabe engadirle a que os traballos se están vendo significativamente afectados debido a que a situación actual dos poste non permite a execución dos traballos de preparación da plataforma, terminación de aceras e execución de firme de formigón na zona de convivencia.

Resultando.- Que consta no expediente informe emitido polo director de obra (CSV) BBWNG4A6Z95JAI1Q, no que se recolle que os traballos de soterramento dos cables aéreos demorouse no tempo en comparación ao previsto tomando como referencia os ritmos e prazos que manexan outras compañías eléctricas de superior entidade, demorándose practicamente un mes os traballos de soterramento e retirada dos cables e postes de electricidade existentes en precario en zona de dominio público, impedindo desta forma executar os traballos contemplados no proxecto cos ritmos e rendementos propios da obra, atopándose na actualidade a rede soterrada de electricidade completamente colocada e conectada, e a piques de rematar cos traballos de retirada dos postes e liñas en aéreo, pero con retrasos importantes na execución das obras contempladas no proxecto, necesitando da ampliación do prazo de execución en UN (1) MES para poder así rematar a totalidade das unidades que faltan e que se viron afectadas polos traballos de soterramento das redes en aéreo e retirada dos postes de electricidade, polo que as causas alegadas de demora non son imputables ó contratista, sen deber causar penalidade algunha, e establece coma data para finalizar a obra o 08/05/2023.

Resultando.- Que consta no expediente informe emitido polo Xefe de Servizo de Contratación (PZGHVF6WIFLK9G1X) no que recolle o seguinte: *“...Podería entenderse conforme ó interese público proceder a establecer unha data definitiva para a terminación dos traballos ós efectos de finalizar a obra cun menor custo económico que o que conlevaría resolver o contrato e proceder a unha nova contratación. Polo tanto baseándonos no informe emitido pola dirección facultativa, parece razoable establecer unha data de finalización da obra, sen imposición de penalidades ó contratista, ó quedar debidamente motivadas as causas polas que se demorou a execución dos traballos, establecendo coma data para finalizar a mesma o día 08/05/2023, a partires da cal, de nos estar terminada, se lle aplicarán ó contratista automaticamente as penalidades previstas...”*

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: *“...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”*

Considerando.- Que o artigo 100.2 recolle que no caso de que o contratista non solicite prórroga no prazo, entenderase que renunciou ó seu dereito, quedando facultada a Administración para conceder a prórroga que xulgue conveniente, con imposición, se procede de penalidades.

Considerando.- Que en virtude da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. . o Lote 2 do *“Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”*.



Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na ampliación do prazo de execución da obra "*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)*" por un importe de 338,80 euros IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02..2022, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC numero 202300086810 por importe de 338,80 euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Ampliar o prazo de execución da obra "*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)*" establecendo coma data para finalizar a obra o día 08/05/2023, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente as penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF B81470841) o Contrato derivado Lote 3: AM seguridade e saúde na obra Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na ampliación do prazo de execución da obra "*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)*" por un importe de 338,80 euros de acordo co seguinte detalle:

Importe .....	280,00 €
IVE (21 %) .....	58,80 €
Importe total .....	338,80 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante o tempo polo que se amplía o prazo de execución do contrato de obras "*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)*", con efectos dende o 08/04/2023.

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023030697.



7.32591.- AUTORIZACIÓN PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-6005 (PQ 0+000 Ó PQ 0+573), (CONCELLO DE LALÍN)". (EXPTE.2022045201)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa reunión ordinaria celebrada o día 23 de xuño de 2022 acordou aprobar definitivamente o proxecto da obra “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), Concello de Lalín”, cun orzamento base de licitación de 323.691,25 euros IVE incluído.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 9 de decembro de 2022 acordou adxudicar á empresa NAROM, S.L., (CIF B36163418) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), (Concello de Lalín)” por un importe de 301.939,20 euros IVE incluído, e un prazo de execución de seis (6) meses.

Resultando.- Que con data 12/01/2023 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo, establecendo coma data para finalizar a obra o día 12/07/2023.

Resultando.- Que mediante informe emitido polo director de obra (CSV) 3E917SEJENIVDCP1 solicítase autorización de redacción de proxecto modificado da obra “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), (Concello de Lalín)”.

Resultando.- Que recolle no seu informe o director de obra, que asinada a acta de comprobación de replanteo, e estando en execución a citada obra, visto e comprobado o seu estado, e despois de diversas reunións cos veciños e cos representantes do Concello de Lalín e o contratista, debe solicitarse ó órgano de contratación á modificación do proxecto aprobado, proponendo os seguintes cambios:

A senda peonil no treito inicial (entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+200) debe proxectarse pola marxe esquerda e non pola marxe dereita como se recolle no proxecto aprobado, dando así servizo ás vivendas e mantendo nesa zona o trazado actual da estrada sen aproximarse ás vivendas, de maneira que se favoreza a accesibilidade e se mellore a seguridade viaria dos peóns e do tráfico rodado. Á altura do P.Q. 0+200 a senda volvería a discorrer polo marxe dereito, da mesma maneira que no proxecto inicial, garantindo a continuidade peonil cun paso de peóns sobreelevado situándoo no P.Q. 0+185. Por outra parte, sen xerar ocupacións adicionais, no treito comprendido entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+200, a cuneta de seguridade en formigón proxectarase pola marxe dereita en lugar de pola marxe esquerda, como se recolle no proxecto inicial.

Resultando.- Que xustifica o director de obra as modificacións propostas en informe que consta no expediente (CSV) 3JN7YG9FE4T8PR0N, onde se recolle que no proxecto inicial, para a mellora da mobilidade peonil, primouse tecnicamente que toda a senda discorrese por unha mesma marxe sen que se producisen cruces por motivos de seguridade viaria. Con todo, non se tiveron en conta os fluxos peonís que se dirixen ao Centro Social da Parroquia de Prado. Dado que estes movementos realízanse maioritariamente pola marxe esquerda, unha vez analizado en conxunto, nese primeiro tramo de 200 m. parece máis adecuado



tecnicamente que a senda discorra por marxe esquerda para, posteriormente, cruzar e discorrer polo seu trazado orixinal. Todo iso tendo en conta que, en caso contrario, poderían producirse maiores problemas de seguridade viaria ao producirse cruces ou circulación peonil en zonas non habilitadas para iso.

Resultando.- Que consta no expediente o preceptivo informe emitido polo xefe do Servizo de Contratación (CSV) SAHOXQ2W37M4LWKM, no que recolle o seguinte: “...A subsección 4ª, da sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, nos seus artigos 203 e seguintes regula as modificacións dos contratos. Esta regulación está baseada no principio de igualdade de trato entre vos licitadores, impondo que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades ao formular os termos das súas ofertas e implica, por tanto, que estas estean sometidas ás mesmas condicións para todos os competidores. Corolario do devandito principio contéplase unicamente dúas posibilidades para poder realizar a modificación do contrato: 1. que estean previstas de forma clara, precisa e inequívoca na documentación da licitación. 2. Ou, en caso contrario, que se dean algunha das circunstancias do artigo 205 LCSP e que a modificación non afecte a ningunha condición esencial/substancial da licitación. Na licitación non se contemplou ningunha circunstancia de modificación do contrato, co cal queda descartada dita posibilidade. A segunda posibilidade para modificar o contrato é unha facultade reservada para os supostos legais taxados e cuxa interpretación debe recibir un tratamento marcadamente restrictivo, e require que se adecue a algunhas das circunstancias previstas no artigo 205 LCSP. O director de obra recolle no seu informe que o valor da modificación non supón unha alteración na contía do contrato que exceda o 15% do prezo inicial do proxecto, xa que a valoración económica estimada do modificado non supón incremento do importe do proxecto inicial. O modificado non require dunha clasificación do contratista diferente á que se exixiu no procedemento de licitación orixinal. O modificado non altera o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial, sen existir a necesidade de introducir unidades de obra novas para executar as modificacións plantexadas. Non se aprecia polo exposto polo director de obra no seu informe, que se vaian a incluír unidades non contempladas no proxecto inicial. Tendo en consideración a limitación do coñecemento técnico en enxeñaría civil e das cuestións técnicas na obra e no proxecto, nos apoiamos nestas conclusións na competencia e afirmacións do director de obra, o non observar una modificación sustancial no contrato; non vendo inconvincente a unha posible autorización de redacción do proxecto modificado.

Considerando.- Que o papel do TXUE foi fundamental para determinar como e con que condicións son conformes ás regras da contratación pública as modificacións das condicións dun contrato.

Considerando.- Que convén recordar a principal doutrina e as súas prácticas. Podemos afirmar como “leading case” a Sentenza de 29 de abril de 2004 (Succhi di frutta)F26F, onde o Tribunal de Xustiza, aborda en profundidade os límites e requisitos da modificación dun contrato público ó analizar a obriga dos poderes adjudicadores de cumprir cos documentos do contrato: “O principio de igualdade de trato entre os licitadores (...) impón que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades ó formular os termos das súas ofertas e implica, por tanto, que estean sometidas ás mesmas condicións para todos os competidores...”

O que se pretende coa doutrina desta sentenza, en palabras do propio Tribunal é que: “todas as condicións e modalidades do procedemento de licitación estean formuladas de forma clara, precisa e inequívoca no anuncio de licitación ou no prego de condicións, co fin de que, por unha parte, todos os licitadores razoablemente e normalmente dilixentes podan comprender o seu alcance exacto e interpretalos da mesma forma e, por outra banda, a entidade adjudicadora poida comprobar efectivamente que as ofertas presentadas polos licitadores responden ós criterios aplicables ó contrato se que se trata”.



Considerando.- Que o principio de igualdade de trato dos licitadores, que ten o obxecto de favorecer o desenvolvemento de unha competencia sana e efectiva entre as empresas que participen nunha licitación pública, exige que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades de formulación dos termos das súas ofertas e implica pois que estas se sometan ás mesmas condicións para todos os competidores (sentenza do Tribunal de Xustiza de 29 de abril de 2004, Comisión/CAS Succhi di Frutta, C-496/99 P, Rec. p.I-3801, apartados 109 e 110).

Considerando.- Que o profesor Gimeno Feliu no estudo da “*modificación dos contratos públicos: límites e dereito aplicable*” afirma que a excepcionalidade da prerrogativa foi confirmada sen quebra pola xurisprudencia do TS que configura a modificación contractual como unha facultade reservada para os supostos legais taxados e cuxa interpretación debe recibir un tratamento marcadamente restritivo, xa que, de non ser elo así, infrinxiríase un dos principios básicos do noso ordenamento xurídico recollido polo artigo 1256 do Código Civil, relativo a que o cumprimento dos contratos non pode quedar ó arbitrio dunha das partes.

Considerando.- Que a Administración ten o ius variandi, que lle permite modificar o contrato unilateralmente cando concorran circunstancias de interese público, por excepción ao principio de inalterabilidade dos contratos sen o consentimento de ambas as partes. Trátase dunha potestade regrada que só pode exercerse nos casos e na forma prevista na LCSP, cando a modificación veña determinada por unha razón de interese público debida a causas novas e imprevistas.

Considerando.- Que a modificación acórdase polo órgano de contratación e é obrigatorio para o contratista. As modificacións non poden ser utilizadas como modo de alterar o obxecto do contrato despois da licitación, de modo que se lesione os principios de igualdade, non discriminación e libre concorrencia. Só pode modificarse o contrato:

a) Ben cando así se previu nos pregos. Limitase a previsión de modificación aos pregos tratándose de contratos administrativos ( LCSP art.203.2.a), suprimindo a referencia ao anuncio de licitación.

b) Ben nos casos e cos límites establecidos na LCSP, sen prexuízo dos supostos de sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución, que se rexen polas súas normas propias.

Considerando.- Que en particular non cabe a modificación para engadir prestacións complementarias ás contratadas, ampliar o obxecto do contrato para finalidades novas non contempladas nos pregos, e incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

Considerando.- Que no prego de condicións administrativas que rexe o contrato non se contemplou circunstancias previas que permitisen realizar modificacións do contrato, polo que haberá que acudir ás modificacións non previstas que se recollen nos artigos 205 e seguintes.





Considerando.- Que do informe emitido polo director de obra non se desprende que se queiran engadir prestacións complementarias ás existentes no proxecto.

Considerando.- Que coa prerrogativa de modificación non se pode crear un contrato novo distinto do contrato primitivo, senón simplemente introducir alteracións ou variacións no proxecto orixinario, pois noutro caso estaríanse a burlar os principios de publicidade e concorrència ( CESt Dict 50641/1987, 12-11-87; 51698/1988, 25-2-88; 4350/1997, 6-11-97).

Considerando.- Que fóra dos devanditos casos en que a LCSP permite a modificación, ha de resolverse o contrato en vigor e celebrar outro con novas condicións, conforme prevén a LCSP art.203.2 e 211. g, e de acordo coa Dir 2014/24/UE art.73.a e Dir 23/2014/UE art.44.a

Considerando.- Que de conformidade co apartado b) do artigo 205 Lcsp, soamente poderase introducir limita a introducir variacións estritamente indispensables para responder a causa obxectiva que a faga necesaria.

Considerando.- Que do informe emitido polo director de obra non se desprende que se queiran engadir prestacións complementarias ás existentes no proxecto, senón modificar o trazado 200 metros por causas de seguridade vial.

Considerando. O interese público na modificación. O carácter restritivo con que a lexislación de contratos contempla as modificacións de contratos adjudicados como excepción á regra pacta sunt servanda, soamente xustifícase por razóns de interese público ( JCCA 23/2011, 28-10-11). O interese público ha de ser claro, patente e indubitado ( CESt Dict 42179/1979, 17-5-79), e xustificado polo órgano de contratación no expediente tramitado a tal fin ( CESt Dict 55586/1990, 10-1-91; 3062/1998, 10-9-98).

Considerando.- Que a facultade de modificación so pode exercitarse cando la aparición de novas necesidades materiais, non contempladas antes da perfección do contrato, o faga indispensable para o mellor servizo do interese público (CESt Dict 41914/1979, 24-5-79).

Considerando.- Que o interese publico perseguido é a na necesidade de aumentar a seguridade viaria e peonil en toda a rede de estradas da provincia

Considerando.- Que o director de obra sinala que as modificacións que se introducirán son as variacións estritamente necesarias e indispensables de medición de obra para responder á causa obxectiva que fai necesaria a súa redacción.

Considerando.- Que poderase modificar o contrato cando a modificación non sexa substancial. Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade da mesma, indicando polas razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial, tal e como prevé o apartado c) do articulo 205.2 LCSP.



Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio.

Considerando.- Que a primeira acepción de «natureza» do Dicionario da Real Academia da Lingua Española é «esencia e propiedade característica de cada ser». Polo que haberá que comprobar se o resultado final é similar na súa esencia e propiedade ao licitado.

Considerando.- Que en opinión de Isabel Gallego Córcoles, no X Congreso AEPDA, “... o criterio da natureza global non fai referencia exactamente á natureza do contrato concluído, senón ás características esenciais do procedemento de contratación que se realizou previamente. Noutros termos, alterarase a natureza global da contratación se se introducen variacións naqueles elementos, que de modo máis decisivo condicionaron o desenvolvemento do procedemento de contratación, dende a perspectiva tanto do número de ofertas recibidas como do seu contido. E elo sucederá, xa sexa mediante a alteración do obxecto do contrato, xa sexa cando se rebasen determinados límites cuantitativos, e sexa, aínda que expresamente non se reflexe nas Directivas, si se altera o equilibrio do contrato en favor do contratista, pois este equilibrio, como xa resaltamos, é un parámetro decisivo do desenvolvemento do procedemento de licitación.”

Os casos que determinan que a modificación sexa sustancial. Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio.

Unha modificación considerarase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

a. Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación. Dáse o suposto previsto cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

Só as modificacións esenciais do contrato, que sexan capaces, no caso concreto, de falsear a competencia no mercado de que se trate e de dar preferencia aos contratistas do adxudicador público fronte a outros posibles prestadores de servizos xustifican a realización dun novo procedemento de adxudicación.

Hai que presumir a existencia dunha modificación esencial sempre que non caiba excluír que as condicións orixinais, menos favorables, disuadisen a outros prestadores de servizos de participar na licitación por un contrato público, ou que, á vista das novas condicións contractuais poderían estar agora interesados na licitación, ou que coas novas condicións podería facerse co contrato un licitante que no seu día non o conseguiu ( TJUE 19-6-08, C-454/06).

b. Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial. Prodúcese a alteración, de acordo co precepto, cando como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introdúzanse unidades de obra novas cuxo importe represente máis do 50% do orzamento inicial do contrato.



c. Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato. Amplíase de modo importante o ámbito do contrato cando:

- O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15% do prezo inicial do mesmo, IVE excluído, se se trata do contrato de obras ou dun 10%, IVE excluído, cando se refira aos demais contratos, ou ben que supere o limiar que para os contratos harmonizados e en función do tipo de contrato fíxanse na LCSP art.20 a 23.
- As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación atópanse dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciou a tramitación do expediente de contratación.

Considerando.- Que sinala o director de obra que a cantidade estimada do modificado non vai a exceder do 15%, nin se require unha clasificación do contratista diferente á que esixiuse no procedemento de licitación inicial; Tamén afirma que o modificado non alterará o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista.

Considerando.- Que cabe engadir que resulta necesario recabar do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se sustanciará con carácter de urxencia coas seguintes actuacións:

- a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
- b) Audiencia ó contratista e redactor do proxecto, polo prazo mínimo de tres días.
- c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación, así coma dos gastos complementarios precisos.

Non obstante, poderán introducirse variacións sen necesidade de previa aprobación cando estas consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ó 10 % do prezo primitivo do contrato.

Para a redacción do modificado haberá que ter en conta o previsto nos artigos do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que se transcriben de seguido:

Artigo 102: “...Cando sexa necesario introducir algunha modificación no contrato, redactarase a oportuna proposta integrada polos documentos que xustifique, describan e valoren aquela. A aprobación polo órgano de contratación requirirá a previa audiencia ó contratista e a fiscalización do gasto correspondente...”

Artigo 158: “...Cando se xulgue necesario empregar materiais ou executar unidades de obra que non figuren no proxecto, a proposta do director da obra sobre os novos prezos a fixar basearase en canto resulte de aplicación, nos custos elementais fixados na descomposición dos prezos unitarios integrados no contrato, e en calquera caso, nos custos que correspondesen á data na que tivo lugar a adxudicación...”

O artigo 160 do mesmo texto legal recolle que cando existan variacións sobre as unidades previstas no contrato, sexan diminucións ou excesos de medicións, as mesmas deberán contemplarse no caso que se redacte proxecto modificado.



Artigo 162.2: “Cando sexa necesaria a execución de unidades novas non previstas no proxecto, o directo de obra elevará ó órgano de contratación as propostas de prezos novos e a repercusión sobre o prazo de execución do contrato. A conformidade por parte do contratista dos novos prezos e a valoración do prazo total da obra será condición necesaria para poder comezar os traballos correspondentes ás unidades novas...”

Artigo 141.2: “...Se o órgano de contratación decide a modificación do proxecto, esta tramitarase con arranxo ás normas xerais da Lei e deste Regulamento acordando a suspensión temporal, total ou parcial da obra, ordenando neste último caso á iniciación dos traballos naquelas partes afectadas polas modificacións previstas no proxecto.

Artigo 234.3: “...Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto recabará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se substanciará con carácter de urxencia coas seguintes actuacións: a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma. b) Audiencia do contratista e redactor do proxecto por prazo mínimo de tres días...”

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Autorizar a redacción da modificación do proxecto básico e de execución da obra “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), (Concello de Lalín)”.

O prazo de execución do proxecto modificado será de OITO (8) MESES a contar dende a data da formalización da acta comprobación de replanteo.

O proxecto modificado deberá remitirse ao servizo de Contratación, debidamente supervisado, xunto cun informe do responsable do contrato, onde se recolla o seguinte:

- a) Deberá indicar se se alteran ou non as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e dicir, o contemplado no proxecto e na oferta da empresa adxudicataria.
- b) Informe sobre se o proxecto se limita a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.
- c) Se, no caso de modificación que supoña a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características defiran das fixadas, podería entenderse que os prezos recollidos adecúanse aos prezos de mercado, e, como establece o artigo 158 do R.D. 1098/2001, baséanse nos custos elementais fixados na descomposición dos prezos unitarios integrados no contrato, e, en calquera caso, nos custos que correspondesen á data na que tivo lugar a adxudicación.



- d) Nese caso , terá que aportar a acta de contradición de prezos a orixe, coa baixa da adxudicación asinada pola empresa contratista.
- e) Indicar cal é a porcentaxe de unidades que se variou con respecto ao inicial, e cuantificalas economicamente.
- f) Establecer un prazo para a finalización da obra desde a data de aprobación do proxecto modificado, no caso de que fora así.
- g) Indicar se houbo excesos de medicións ata o momento, e de habelos deberá introducilos no proxecto modificado.

8.32592.- APROBACIÓN DA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DO CONTRATO DE OBRAS “PLAN MÓVESE. MOBILIDADE E VELOCIDADE SEGURA. FASE III – LOTE 2”. (Expte.2020019248)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 26 de marzo de 2021, acordou adxudicar o “Acordo marco para a contratación das obras “Plan Móvese. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III – Lote 2 Zona Centro” á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. polo importe 810.162,11 € IVE incluído.

Con data 7 de xullo de 2022 a empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. presenta por rexistro (WEB2022039154) unha solicitude de revisión excepcional de prezos para o dito lote da Zona Centro - Lote 2.

Analizada a solicitude, e vistas as diferentes interpretacións do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se transpone a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020 (de agora en diante, Real Decreto-lei 3/2022), que permite a revisión excepcional de prezos, e da modificación operada pola Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, e das dificultades na súa aplicación; a Deputación de Pontevedra realiza unha consulta á Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, con data 13 de xuño de 2022, sobre diversas cuestións de aplicación da revisión excepcional de prezos nos contratos de obra.

Polo servizo técnico de Infraestrutura emítese informe, con data 14 de marzo de 2023 (CSV: OTKWFES2L8JQ3IE5) no que se sinala que:

- *“Trátase dun contrato que foi formalizado o día 22/04/2021 logo de que o día 24/12/2020 rematara o prazo para presentar as ofertas, determinando en consecuencia o índice de referencia a partir do cal debe establecerse a procedencia dun expediente de revisión de prezos.*
- *O solicitante propón a fórmula de revisión de prezos nº382 incluída no proxecto. De acordo co disposto no artigo 8 letra b do Real Decreto-ley 3/2022 de 1 de marzo, e dado que no proxecto construtivo se determina a fórmula nº382 como fórmula de revisión de prezos a empregar, dentro das diferentes fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras aprobadas polo RD 1359/2011 do 7 de outubro, dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que a fórmula nº 382 é a que se ten que utilizar neste contrato.*



- O solicitante aporta xustificación do requisito do artigo 7.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, sobre a existencia dun incremento do coste dos materiais especificados no artigo, maior do 5 por cento do importe certificado do contrato, utilizando a fórmula 382 cun erro na determinación da data para o índice 0. Dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que utilizando a fórmula 382 cúmprese dito requisito, obtendo un incremento do 8,14%. Xúntase revisión efectuada.
- O solicitante non aporta unha xustificación do importe de revisión de prezos a abonar. Xúntanse os cálculos xustificativos efectuados polos servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais que corresponderían no caso de ser procedente a revisión de prezos, usando a fórmula nº 382 determinando que a revisión de prezos que procedería é de 88.205,08 € (con IVE)”.

Con data 27 de marzo do 2023, a Intervención certifica a existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.03 do vixente orzamento provincial, quedando retido ou importe de 88.205,08 €, mediante ou documento de retención de crédito núm. 202300066703.

Trasladado ou expediente á Intervención ó obxecto de ser fiscalizado nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro. A Intervención, con data 27 de marzo do 2023, informa favorable mente á proposta de aprobacións da revisión excepcional de prezos coas seguintes observacións:

Corresponde ao órgano de contratación ditar a proposta de revisión que deberá ser notificada ao contratista con indicación da fórmula de aplicación e do importe resultante.

*A contía resultante da revisión aplicarase na certificación final da obra como partida adicional con pleno respecto á lexislación orzamentaria.*

*A efectos de tramitación do pago achegarase polo contratista declaración responsable da non interposición de recurso ou reclamación administrativa ou exercicio de calquera tipo de acción xudicial por mor do incremento dos custes dos materiais neste contrato, ou, no seu caso, a acreditación da desistencia dos mesmos.*

Con data 17 de abril, Secretaría presta “conformidade á proposta de revisión excepcional de prezos tendo en conta as circunstancias que concorren no presente contrato e a existencia do informe do servizo responsable do mesmo.”

Considerando o previsto no artigo 103 e seguintes de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre a revisión de prezos contratos.

Considerando que o Real Decreto-lei 3/2022, que prevé, no seu Título II, medidas de carácter extraordinario para permitir unha revisión excepcional dos prezos dos contratos públicos de obras afectados pola subida dos prezos dos materiais.



Considerando que o día 30 de marzo de 2022, publicouse en BOE/BOE a Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, na Disposición final trixésima sétima, modifica os artigos 6, 7, 8 e 9 da Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo.

Considerando o Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural, que volve modificar o artigo 6 do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, relativo aos casos susceptibles de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras.

Considerando as formulas do anexo II do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas. Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non seu apartado 1, faculta á Ilma. Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta ou disposto non artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido dá Lei reguladora das facendas locais e ou establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a revisión de prezos excepcional do “*Plan Móvese. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III – Lote 2 Zona Centro*”, adxudicado á empresa CONSTRUCCIONES FECHI SL (B36258861), aplicando a fórmula nº 382 recollida no do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Aplicada a fórmula de revisión de prezos resulta un importe de revisión de 88.205,08 euros ,IVE incluído.

2.-Autorizar e dispoñer o gasto da revisión excepcional de prezos a favor da empresa CONSTRUCCIONES FECHI SL (B36258861) por importe 88.205,08 euros con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.03 do vixente Orzamento Provincial.

O pago quedará condicionado a achega polo contratista da declaración responsable de non interposición de recurso ou reclamación administrativa ou exercicio de calquera tipo de acción xudicial por mor do incremento dos custos das materias neste contrato, ou, no seu caso, a acreditación do desestimento dos mesmos, non prazo de 10 días a contar dende ou día seguinte a notificación deste acordo.



9.32593.- APROBACIÓN DA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DO CONTRATO DE OBRAS “PLAN MÓVESE. MOBILIDADE E VELOCIDADE SEGURA. FASE III – LOTE 3”. (Expte.2020019248)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 26 de marzo de 2021, acordou adxudicar o contrato de obra “Plan Móvese. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III, Zona Sur – Lote 3” á empresa CONSTRUCCIONES RAFER, S.L. (B36052702) polo importe 980.204,22 euros IVE incluído.

Con data 5 de setembro de 2022 a empresa CONSTRUCCIONES RAFER, S.L. presenta por rexistro (WEB2022048021) unha solicitude de revisión excepcional de prezos para o dito lote 3- Zona Sur.

Analizada a solicitude, e vistas as diferentes interpretacións do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se transpone a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020 (de agora en diante, Real Decreto-lei 3/2022), que permite a revisión excepcional de prezos, e da modificación operada pola Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, e das dificultades na súa aplicación; a Deputación de Pontevedra realiza unha consulta á Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, con data 13 de xuño de 2022, sobre diversas cuestións de aplicación da revisión excepcional de prezos nos contratos de obra.

Polo servizo técnico de Infraestruturas emítese informe, con data 14 de marzo de 2022(CSV: MHECTAWTR2QRBCPV) no que se sinala que:

- *Trátase dun contrato que foi formalizado o día 10/04/2021 logo de que o día 24/12/2020 rematara o prazo para presentar as ofertas, determinando en consecuencia o índice de referencia a partir do cal debe establecerse a procedencia dun expediente de revisión de prezos.*
- *O solicitante propón a fórmula de revisión de prezos nº382 incluída no proxecto. De acordo co disposto no artigo 8 letra b do Real Decreto-ley 3/2022 de 1 de marzo, e dado que no proxecto construtivo se determina a fórmula nº382 como fórmula de revisión de prezos a empregar, dentro das diferentes fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras aprobadas polo RD 1359/2011 do 7 de outubro, dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que a fórmula nº 382 é a que se ten que utilizar neste contrato.*
- *O solicitante, aporta xustificación do requisito do artigo 7.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, sobre a existencia dun incremento do coste dos materiais especificados no artigo, maior do 5 por cento do importe certificado do contrato, diferenciando por anualidades obtendo un incremento do 2,96% para 2021 e do 6,84% para o 2022. Dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que utilizando a fórmula 382 cúmprese dito requisito, obtendo un incremento do 11,84%. Xúntase revisión efectuada. En todo caso, a porcentaxe é provisional suxeita ás variacións dos índices de prezos correspondentes aos meses dos que aínda non se teña publicado os seus correspondentes índices no «Boletín Oficial del Estado».*





- *O solicitante aporta unha xustificación do importe de revisión de prezos a abonar diferenciando por anualidades obtendo un importe de 4.220,30 € con IVE para 2021 e de 98.362,36 € con IVE para 0 2022. Xúntanse os cálculos xustificativos efectuados polos servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais que corresponderían no caso de ser procedente a revisión de prezos, usando a fórmula nº 382 determinando que a revisión de prezos que procedería é de 130.593,93 € (con IVE). En todo caso, o importe é provisional suxeito ás variacións dos índices de prezos correspondentes aos meses dos que aínda non se teña publicado os seus correspondentes índices no «Boletín Oficial del Estado».*

Con data 27 de marzo do 2023 a Intervención certifica a existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.03 do vixente orzamento provincial, quedando retido ou importe de 130.593,93 euros., mediante ou documento de retención de crédito núm. 202300066705.

Trasladado ou expediente á Intervención ó obxecto de ser fiscalizado nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro. A Intervención, con data 27 de marzo, informa favorablemente á proposta de aprobación da revisión excepcional de prezos coas seguintes observacións:

*Corresponde ao órgano de contratación ditar a proposta de revisión que deberá ser notificada ao contratista con indicación da fórmula de aplicación e do importe resultante.*

*A contía resultante da revisión aplicarase na certificación final da obra como partida adicional con pleno respecto á lexislación orzamentaria.*

*Como consecuencia da aplicación dun índice provisional, este importe debe revisarse e corrixirse, á alza ou á baixa, na liquidación do contrato por aplicación do índice oficial definitivo correspondente ao mes de xullo do 2022.*

*A efectos de tramitación do pago achegarase polo contratista declaración responsable da non interposición de recurso ou reclamación administrativa ou exercicio de calquera tipo de acción xudicial por mor do incremento dos custes dos materiais neste contrato, ou, no seu caso, a acreditación da desistencia dos mesmos.*

Considerando o previsto no artigo 103 e seguintes de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre a revisión de prezos contratos.

Considerando que o Real Decreto-lei 3/2022, que prevé, no seu Título II, medidas de carácter extraordinario para permitir unha revisión excepcional dos prezos dos contratos públicos de obras afectados pola subida dos prezos dos materiais.

Considerando que o día 30 de marzo de 2022, publicouse en BOE/BOE a Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, na Disposición final trixésima sétima, modifica os artigos 6, 7, 8 e 9 da Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo.



Considerando o Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural, que volve modificar o artigo 6 do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, relativo aos casos susceptibles de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras.

Considerando as formulas do anexo II do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non seu apartado 1, faculta á Ilma. Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta ou disposto non artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e ou establecido nas bases de execución do orzamento provincial,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a revisión de prezos excepcional, como consecuencia da aplicación dun índice provisional, da obra “*Plan Móvese. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III – Lote 3- Zona Sur*”, adxudicado á empresa CONSTRUCCIONES RAFER, S.L. (B36052702), aplicando a fórmula nº 382 recollida no do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Aplicada a fórmula de revisión de prezos resulta un importe de revisión de 130.593,93 euros, IVE incluído.

2.-Autorizar e dispoñer o gasto da revisión excepcional de prezos, como consecuencia da aplicación dun índice provisional, a favor da empresa CONSTRUCCIONES RAFER, S.L. (B36052702) por importe 130.593,93 € con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.03 do vixente Orzamento Provincial. Como consecuencia da aplicación dun índice provisional, este importe debe revisarse e corrrixirse, á alza ou á baixa, na liquidación do contrato por aplicación do índice oficial definitivo correspondente ao mes de xullo do 2022.

O pago quedará condicionado a achega polo contratista da declaración responsable de non interposición de recurso ou reclamación administrativa ou exercicio de calquera tipo de acción xudicial por mor do incremento dos custos das materias neste contrato, ou, no seu caso, a acreditación do desestamento dos mesmos, non prazo de 10 días a contar dende ou día seguinte a notificación deste acordo.



10.32594.- APROBACIÓN POLO PROCEDIMENTO DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS DA CONTA XUSTIFICATIVA DE FONDOS LIBRADOS DE ANTICIPO DE CAIXA FIXA CORRESPONDENTES AOS GASTOS DOS OBES INSTALADOS NOS VEHÍCULOS DO PARQUE DE MAQUINARIA DURANTE O MES DE DECEMBRO DE 2022. (Expte. 2023004878).

Por Resolución Presidencial número 2022000659 de data 28 de xaneiro de 2022 autorizouse a constitución dun anticipo de caixa fixa xeral para os gastos de locomoción de persoal (OBES) por importe global de 15.200,00 euros, así como a reordenación das aplicacións orzamentarias, dos habilitados e dos importes dos anticipos de caixa fixa. Posteriormente por Resolución Presidencial número 2022002757 de data 12 de abril de 2022, efectuouse unha modificación da citada resolución ampliando a mesma para incluír novos servizos e habilitados quedando un importe total do anticipo de caixa fixa xeral para os gastos de locomoción de persoal (OBES) por importe global de 16.270,00 euros.

Resultando que a Intervención detectou unha incidencia en relación á xustificación de fondos librados de “anticipos de caixa fixa” do ano 2022 efectuada durante o mes de decembro de 2022 polo Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, (CSV: S2XPBV6R4MRBMC0D), que impediu a aprobación desta conta xustificativa polo procedemento ordinario establecido na base 33ª de execución do orzamento provincial do exercicio de 2022.

A incidencia detectada afecta os gastos dos OBES utilizados polos vehículos do Parque de Maquinaria durante o mes de decembro de 2022 e foi a seguinte:

Expediente	Habilitado	Detalle gastos	Importe	Incidencia detectada
2023004878	Francisco Alonso Fernández	Locomoción persoal OBES decembro 2022	74,00 €	<i>Incumpre base 33ª orzamento 2022 e non se chegou a aprobar por Resolución Presidencial a conta xustificativa no exercicio 2022. A xustificación presentouse o día 12/04/2023</i>

Resultando que a Intervención en relación a citada incidencia emite informe con data 17 de abril 2023 onde efectúa as seguintes consideracións:

- A base 33ª do orzamento provincial para o ano 2022 establecía que antes do 15 de decembro de 2022 as persoas que figuren como habilitados de fondos librados de “Anticipos de caixa fixa” deberán render contas xustificativas dos gastos realizados con estes fondos no exercicio de 2022.
- A circular para o peche e liquidación do orzamento do exercicio 2022 de data 21 de novembro, determinaba que os habilitados que dispuxeran de “Anticipos de Caixa Fixa” debían presentar a súa conta xustificativa antes do 26 de decembro de 2022, evitando que queden operacións pendentes de aplicar ao orzamento.



Resultando que no mencionado informe da Intervención de data 17 de abril de 2023 déixase constancia da existencia de crédito para facer fronte a xustificación dos fondos librados de caixa fixa polo importe e con cargo a aplicación do vixente orzamento provincial que se indican a continuación:

Expediente	Aplicación orzamentaria	Importe	Detalle gastos	Habilitado Anticipo
2023004878	23/456.4530.231.20	74,00 €	Locomoción persoal OBES decembro 22	Francisco Alonso Fernández

Considerando o establecido nos artigos 34.1, f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 185 e 190 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e 61.14 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como na base 33ª de execución do vixente orzamento provincial.

Considerando que a base 17ª do orzamento provincial para o ano 2023 establece que nos supostos de fiscalización nos que se detecte que as facturas ou certificacións non cumpran con algún dos requisitos esenciais esixibles e se os requisitos incumpridos implican a nulidade radical da obriga, procederase ó recoñecemento das obrigas polo sistema de recoñecemento extraxudicial de crédito sendo competencia da Xunta de Goberno, por delegación da Presidencia, cando exista crédito no orzamento da Deputación de Pontevedra.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos e declarar de aboamento a obriga á que se refire a seguinte xustificación de fondos librados de anticipos de caixa fixa do ano 2022:
  - A presentada polo Xefe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Francisco Alonso Fernández, por un importe global de setenta e catro euros (74,00 €) correspondentes a gastos de carácter periódico e repetitivo realizados cos OBES utilizados polos vehículos adscritos ao Parque de Maquinaria durante o mes de decembro de 2022. Estes gastos imputaranse á aplicación orzamentaria 23/456.4530.231.20 do vixente orzamento provincial.
2. Que por parte da Intervención se de conta ao Pleno da aprobación da mencionada conta xustificativa no informe anual cos resultados obtidos do control de contas a xustificar e anticipos de caixa fixa, de acordo co disposto no artigo 27.2 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.



11.32595.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL EN DISTINTOS CENTROS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA MEDIANTE UN CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP (Expte. 2023011338)

A Deputación de Pontevedra conta con distintos centros nos que a subministración de gas natural é imprescindible para o funcionamento de todos os seus equipos e instalacións, que funcionan con este tipo de enerxía e, en consecuencia, para o normal exercicio das actividades propias da Institución provincial.

O Pleno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 27 de novembro do 2020, acordou adherirse a Central de Contratación creada pola FEMP, a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

Entre os acordos marco subscritos pola devandita Central atópase o *Acordo Marco para a subministración de gas natural* (Exp. FEMP: CC.-02/2022) adxudicado ás empresas ENDESA ENERGÍA, S.A.U. e GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. con data de 12 de agosto de 2022, e formalizado o 14 de setembro de 2023. Dito Acordo Marco conta cun prazo de duración de un ano, podendo ser obxecto dunha prórroga anual de doce meses, e atópase na actualidade en vigor, polo que poden adxudicarse contratos baseados no mesmo durante a súa vixencia.

As necesidades administrativas a satisfacer cos contratos baseados neste Acordo Marco son tanto a produción de enerxía térmica e auga quente sanitaria como para outros usos diversos de edificios e equipamentos das Entidades Locais asociadas e os seus entes dependentes.

A Deputación de Pontevedra considera de especial interese dito acordo marco para unificar condicións e prezos na subministración de gas natural nos distintos centros da Deputación que, ata o momento, está repartida en distintas compañías.

A tramitación deste tipo de expedientes resulta especialmente complexa desde o punto de vista técnico, precisado persoal experto na materia para o correcto deseño das especificacións técnicas da contratación. A Central de Contratación creada pola FEMP permite simplificar estas subministracións, regulando as condicións administrativas e técnicas das mesmas. Asemade, a compra a escala nacional e dirixida a multitude de entidades locais, permite obter mellores prezos nas contratacións.

Asemade, a idoneidade da contratación fundaméntase na obrigatoriedade de dispor de lugares de traballo idóneos para o persoal desta Administración, segundo o establecido na Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o Real decreto 486/1997, de 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo e o Documento Básico de Aforro de Enerxía, na sección HEI2 relativa ás Condicións das instalacións térmicas, segundo o cal “*as instalacións térmicas das que dispoñan os edificios serán apropiadas para lograr o benestar térmico dos seus ocupantes*”.



En base ao exposto, con data 17 de marzo de 2023, o servizo de Arquitectura emite informe, no que, coa conformidade do deputado delegado, propón a contratación da Subministración de gas natural en distintos centros da Deputación de Pontevedra, mediante a subscrición dun contrato baseado no Acordo marco para a subministración de gas natural da Central de Contratación da FEMP.

Os centros obxecto da subministración proposta son o Museo Provincial; o Arquivo Provincial; o ORAL (Avenida de Marín, 11 Pontevedra), o ORAL (Avenida de Marín, 9 Pontevedra) e o Centro Príncipe Felipe.

O contrato proposto ten un período de duración dun ano, prorrogable un ano máis. O orzamento base de licitación é de 519.574,00 euros, conforme ao seguinte:

Centro xestor	Importe sen IVE	IVE (21%)	Importe con IVE
Museo	341.850,00 €	71.788,50 €	413.638,50 €
Arquivo Provincial	11.050,00 €	2.320,50 €	13.370,50 €
ORAL	15.300,00 €	3.213,00 €	18.513,00 €
Centro Príncipe Felipe	61.200,00 €	12.852,00 €	74.052,00 €

Con data 24 de marzo de 2024, o servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación.

Tendo en conta que a Intervención emite os seguintes documentos de retención de crédito para facer fronte aos gastos derivados desta contratación:

Centro	Número de operación RC	Data	Aplicación orzamentaria	Importe
Museo	202300063081	21/03/2023	23/333.3330.221.02 (vinculación xurídica)	275.759,00 €
Arquivo Provincial	202300063083	21/03/2023	23/332.3322.221.02 (vinculación xurídica)	8.913,67 €
ORAL	202300063084	21/03/2023	23/932.9320.221.02 (vinculación xurídica)	12.342,00 €
Centro Príncipe Felipe	202300063085	21/03/2023	23/232.2312.221.02 (vinculación xurídica)	49.368,00 €

O servizo de Contratación, con data 21 de abril de 2023, elabora o “documento de invitación” previsto na cláusula 21.1 do prego de cláusulas administrativas regulador do Acordo Marco, e solicita o preceptivo informe ao secretario xeral da Deputación.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 12 de abril de 2023.

Visto que, con data 13 de abril de 2023, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, que con data 21 de abril de 2023, informa favorablemente esta contratación.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación da subministración de gas natural en distintos centros da Deputación de Pontevedra mediante un contrato baseado no Acordo Marco para a subministración de gas natural da Central de Contratación da FEMP (Lote 1: Área xeográfica Galicia, Asturias, Castela e León, Cantabria, País Vasco, A Rioxa, Navarra, Madrid).

A subministración contratarase, en segunda licitación, con algunha das empresas adxudicatarias do Acordo Marco (ENDESA ENERGÍA, S.A.U. ou GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.), nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas reguladores do devandito Acordo Marco.

O prazo de duración será dun ano, contado desde a adxudicación, coa posibilidade dunha prórroga anual. O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 519.574,00€. O valor estimado é de 858.800,00 euros.

2.- Aprobar o documento de invitación (CSV: O05B61FGCD9TFH1I) que rexerá dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 519.574,00 euros, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Centro Xestor	Aplicación orzamentaria	Importe con IVE
2023 (8 meses)	Museo	23/333.3330.221.02 (vinculación xurídica)	275.759,00 €
	Arquivo Provincial	23/332.3322.221.02 (vinculación xurídica)	8.913,67 €
	ORAL	23/932.9320.221.02 (vinculación xurídica)	12.342,00 €
	Centro Príncipe Felipe	23/232.2312.221.02 (vinculación xurídica)	49.368,00 €
2024 (4 meses)	Museo	24/333.3330.221.02	137.879,50 €
	Arquivo Provincial	24/332.3322.221.02	4.456,83 €
	ORAL	24/932.9320.221.02	6.171,00 €
	Centro Príncipe Felipe	24/232.2312.221.02	24.684,00 €



En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para a anualidade 2024 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na referida aplicación orzamentaria así como á aprobación do correspondente orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se adxudique o contrato.

4.- Nomear responsable do contrato a María del Carmen Gómez Manzano, xefa do servizo de Arquitectura.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións de 7 días hábiles, contados desde o día seguinte a data do envío do documento de invitación a través da plataforma informática da Central de Contratación da FEMP.

12.32596.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO PARA O DESENVOLVEMENTO, XESTIÓN E EXECUCIÓN DO PROGRAMA “CONECTADAS 2023” (Expte. 2022070680)

De acordo co establecido nos artigos 9.2 e 14 da Constitución , e artigo 2 da Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Deputación de Pontevedra, a través de servizo de Igualdade convoca o programa Conectadas 2023, co obxectivo de potenciar a participación e a promoción de mulleres e favorecer, as relacións interpersoais igualitarias, impulsando accións formativas e incorporando de maneira transversal os principios de igualdade, corresponsabilidade e conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

A Xefa do servizo de Igualdade en data 24/11/2022 informa que debido a falta de recursos e de persoal especializado necesario para a impartición de todas as materias así como a especificación dos traballos a realizar, necesita acudir a unha contratación externa polo que propón a contratación dunha asistencia técnica encargada da organización e xestión do programa CONECTADAS 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en sesión ordinaria de data 10/02/2023, adoptou o acordo: “Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto, do “Servizo para o desenvolvemento, xestión execución do programa CONECTADAS 2023”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (*Plataforma de Contratación do Sector Público*) con data 10/02/2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 23 de marzo de 2023, procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa acordando admitir as seguintes empresas:

- FOROX INNOVACIÓN S.L.U. (B-27742014)
- XESTIÓN CULTURAL AUREA S.L.(B-36394203)
- NASCOR FORMACIÓN SLU (B-65187569)





A continuación a Mesa procede a apertura da documentación do sobre B correspondente aos criterios automáticos. As propostas presentadas figuran no certificado da mesa (csv HIL1DUF9V7KKIQLC ) de data 23/03/2023.

Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas das empresas admitidas o Secretario da mesa informa que o prezo ofertado pola empresa Nascor formación, supera o prezo de licitación, polo que de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas, na cláusula xeral 3.1. Orzamento base de licitación, “As *proposicións presentadas que superen o orzamento base de licitación, serán descartadas automáticamente.*

As puntuacións totais acadadas son as seguintes:

	PUNTUACIÓNS	
	FOROX INNOVACIÓN	XESTIÓN CULTURAL AUREA
Menor prezo obradoiro	1,315	0,39
Persoal de xestión con formación en igualdade	25	0
Persoal de docencia con formación en igualdade	25	0
Aportación docente de apoio ao titular naqueles talleres que haxa persoa con discapacidade	10	0
Puntuacións totais	61,315	0,39

A Mesa de Contratación na súa sesión de data 30/03/2023 acorda: excluir a empresa Nascor formación, xa que a oferta presentada supera o prezo de licitación, polo que de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas, na cláusula xeral 3.1. Orzamento base de licitación, “As *proposicións presentadas que superen o orzamento base de licitación, serán descartadas automáticamente;* a continuación procede á clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas presentadas, de acordo cos criterios de valoración establecidos no prego administrativo e en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación neste caso a Xunta de Goberno, que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa FOROX INNOVACIÓN S.L.U. polos prezos e valores ofertados.

Por Resolución Presidencial nº 2023002668 de data 31/03/2023, requírese á empresa FOROX INNOVACIÓN S.L.U., para que achegue a documentación establecida no artigo 150.2 da LCSP.

Á empresa FOROX INNOVACIÓN S.L.U, presenta a documentación requirida (REX\_WEB2023026126 de data 18/04/2023), entre a que se atopa a constitución da garantía definitiva por importe de 13.387,33 € que figura depositada na caixa da Deputación co número de carta de pago nº 202300084303.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e da base de



execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizo\_cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro: Excluir a empresa Nascor formación, xa que a oferta presentada supera o prezo de licitación, polo que de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas, na cláusula xeral 3.1. Orzamento base de licitación, “*As proposicións presentadas que superen o orzamento base de licitación, serán descartadas automaticamente*”

Segundo: Adxudicar á empresa FOROX INNOVACIÓN S.L.U. (B-27742014) o Servizo para o desenvolvemento, xestión e execución do programa CONECTADAS 2023, de acordo co seguinte prezo ofertado e detalle:

Importe por obradoiro sen o IVE:	1.210,00€
IVE (21 %):	254,10€
Importe por obradoiro IVE engadido	1.464,10€

- Persoal de xestión (inclúe a/o (1) responsable do programa, (3) persoas coordinadoras e (1) persoal administrativo con formación en Igualdade (máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero). Nº 5 persoa(s)
- Persoal de docencia con formación en Igualdade (máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero): Nº 25 docente(s)
- Aportación dun/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adxudicataria naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade. SI

Terceiro: Autorizar o compromiso e a disposición do gasto por importe total de 323.974,20 €, con cargo a aplicación orzamentaria 2023/231.2311.227.07 do vixente orzamento provincial.

O prazo de duración do contrato é 9 meses a contar desde a data que figure no documento de formalización do contrato. Se estima a realización das accións formativas ata do 31 de decembro de 2023, en todo caso, ata a completa execución do programa.

Nos tres primeiros meses:

100% das entidades contactadas e visitadas (informe das instalacións)

10% das accións formativas iniciadas, excepto as relativas o bloque “O teu momento.Coidado e benestar”, que será do 50%

Calendarización de tódalas accións formativas.



Do terceiro ao sexto mes:

50% das accións formativas iniciadas, excepto as relativas o bloque “O teu momento.Coidado e benestar” que será do 100%.

Currículos do persoal docente.

Do sexto ao noveno mes:

- 100% das horas de formación impartida

Forma de pagamento: O pagamento á empresa adxudicataria realizarase contra a presentación das correspondentes facturas unha vez rematadas as accións formativas.

As facturas deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Listaxe nominal das persoas participantes nas accións formativas.
- Memoria individual de cada unha das accións formativas acompañadas da documentación especificada no prego técnico páxinas 16 e 17.

Unha vez rematado o programa deberá achegarse unha Memoria final e Memoria de incidencias, e o xustificante de pagamento ao persoal docente para achegar ao expediente de cada acción formativa e deixar constancia así do correcto funcionamento do programa.

Cada factura será detallada identificando o número de expediente, o obxecto do contrato, o período de facturación, o importe facturado e a entidade local.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2022070680	
Órgano xestor:	LA0007803	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



13.32597.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Exptes. 2023029921 E 2023029922)

A) Vista a relación de facturas con número 2023029921, que contén 2 facturas e por un importe de 1.503,94€, e con CSV: YB5NLOPQA2MA2AUG, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 20/04/2023, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total .....	1.503,94 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible .....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos .....	0,00 €
Outros descontos .....	0,00 €
Total líquido .....	1.503,94 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*

B) Vista a relación de facturas con número 2023029922, que contén 20 facturas e por un importe de 74.337,31€ e con CSV: PM3XPWBK4FAHT0YJ, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 20/04/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	74.337,31 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	74.337,31 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*



14.32598.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLO CONCELLO DE DOZÓN Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROXECTO “PLAN DE IGUALDADE PARA O CONCELLO DE DOZÓN” (EXPTE. 2022025719)

O concello de Dozón solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “*Plan de igualdade para o concello de Dozón*” a través da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2022, que se leva a cabo desde o Servizo de Igualdade. Esta convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 47 de 9 de marzo de 2022.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra acordou, na súa sesión do 29 de xullo de 2022, concederlle ao Concello de Dozón unha achega de 3.788,25 euros, para o desenvolvemento de dito proxecto.

Este concello, a través de escrito presentado no Rexistro electrónico da Deputación, o día 1 de marzo de 2023, co número de entrada WEB2023013501, presenta renuncia á subvención concedida por importe de 3.788,25€ para o proxecto de “*Plan de igualdade para o concello de Dozón*” e que se finalice a tramitación do expediente.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación destas subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o ano 2022, foi a Xunta de Goberno de conformidade co estipulado na base décimo quinta das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Quedar enterada da renuncia do *Concello de Dozón (P-3601600-D)*, presentada no Rexistro electrónico da Deputación, o día 01/03/2023, co número de entrada WEB2023013501, relativo á subvención concedida por importe de 3.788,25 €, para o proxecto “*Plan de igualdade para o concello de Dozón*”, ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2022.

15.32599.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLO CONCELLO DE FORCAREI Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROXECTO “NON Á FENDA DIXITAL NO RURAL” (EXPTE.2022023954)

O concello de Forcarei solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “*Non á fenda dixital no rural*” a través da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2022, que se leva a cabo desde o Servizo de Igualdade. Esta convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 47 de 9 de marzo de 2022.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra acordou, na súa sesión do 29 de xullo de 2022, concederlle ao Concello de Forcarei unha achega de 3.642,55 euros, para o desenvolvemento de dito proxecto.



Este concello, a través de escrito presentado no Rexistro electrónico da Deputación, o día 6 de marzo de 2023, co número de entrada WEB2023014596, presenta renuncia á subvención concedida por importe de 3.642,55 euros para o proxecto de “*Non á fenda dixital no rural*”, dado que o avanzado da execución do orzamento municipal, o concello non podía facer fronte á cantidade que tiña que achegar para a execución das actividades.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación destas subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o ano 2022, foi a Xunta de Goberno de conformidade co estipulado na base décimo quinta das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Quedar enterada da renuncia do *Concello de Forcarei (P-3601800-J)*, presentada no Rexistro electrónico da Deputación, o día 06/03/2023, co número de entrada WEB2023014596, relativo á subvención concedida por importe de 3.642,55 euros, para o proxecto “*Non á fenda dixital no rural*”, ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2022.

16.32600.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROXECTO “FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO” (Expte.2022023349)

O concello de Cerdedo-Cotobade solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “*Fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero*” a través da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2022, que se leva a cabo desde o Servizo de Igualdade. Esta convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 47 de 9 de marzo de 2022.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra acordou, na súa sesión do 29 de xullo de 2022, concederlle ao Concello de Cerdedo-Cotobade unha achega de 2.914,04 euros, para o desenvolvemento de dito proxecto.

Este concello, a través de escrito presentado no Rexistro electrónico da Deputación, o día 28 de febreiro de 2023, co número de entrada WEB2023012885, presenta renuncia á subvención concedida por importe de 2.914,04 euros para o proxecto de “*Fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero*”, dado que non puideron realizar ningunha actuación durante o ano 2022.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación destas subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o ano 2022, foi a Xunta de Goberno de conformidade co estipulado na base décimo quinta das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións.



Polo exposto a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Quedar enterada da renuncia do *Concello de Cerdedo-Cotobade (P-3600048-G)*, presentada no Rexistro electrónico da Deputación, o día 28/02/2023, co número de entrada WEB2023012885, relativo á subvención concedida por importe de 2.914,04 euros, para o proxecto “*Fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero*”, ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2022.

17.32601.- ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO DO CONTRATO PARA A “SUBMINISTRACION E EXECUCION DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR CORRESPONDENTES COS EXPEDIENTES FEDER EELL-2020-005815 E FEDER-EELL-005816 FINANCIADOS NUN 80 % POLO FEDER A TRAVÉS DO P.O.C.S. 2014-2020” (Expte. 2023008926)

A Xunta de Goberno na sesión do día 3 de marzo de 2023 acordou aprobar os proxectos correspondentes a “*Renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente cos expedientes FEDER-EELL-2020-005815 e FEDER-EELL-2020-005816 , do I.D.A.E. financiados nun 80 % polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020*” que se detallan a continuación:

Lote	Denominación Lote	Proxectos	Código CSV
1	Iluminación exterior sostible XII (Proxecto FEDER-EELL-2020-005815)	Proxecto 1.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Arbo	TXTENDV41ACRE7WD
		Proxecto 1.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Pazos de Borbén	QALFZIF5XVTGLFTY
		Proxecto 1.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de O Porriño	QH67C6030VXOQWDR
		Proxecto 1.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Tomiño	QGRI45JDLV7DV0YX
		Proxecto 1.5 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Tui	1OFGFBR79RQQFRPO
2	Iluminación exterior sostible XIII (Proxecto FEDER-EELL-2020-005816)	Proxecto 2.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Meaño	QWKMQCQPK757Y9U9
		Proxecto 2.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Meis	QW4XIB9Y57FV2CFF
		Proxecto 2.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Vilanova de Arousa	QQZUCO5QH71ZSR9G



Os proxectos foron redactados polo Enxeñeiro Técnico Industrial , Alberto Isidoro Ochando Ramírez (Nº de colexiado COITIG1542) da empresa Letter Ingenieros SL.

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día .10/03/2023, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto , tramite de urxencia do contrato para a subministración e execución das obras de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos expedientes FEDER-EELL-005815 e FEDER-EELL-005816 financiados nun 80% polo FEDER a traves do POCS 2014-2020, que comprende as seguintes actuacións:

Lote 1	Nome	Denominación del proxecto IDAE	Presuposto total (IVE incluído)	Fecha de resolución de la concesión	Municipios nos que se desenvolve
Lote 1	ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTENIBLE XII	FEDER-EELL-2020-005815	739.417,53 €	30/05/2022	Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo
Lote 2	ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTENIBLE XIII	FEDER-EELL-2020-005816	343.569,46 €	22/04/2022	Meis, Meaño, Vilanova de Arousa

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación que foi enviado ao DOUE para a súa publicación con data 10/03/2023 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 14/03/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 02/02/2023, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras sendo as empresas presentadas e admitidas as seguintes:

Empresas	Lotes aos que presenta oferta
Electricidad INMAC Condado SL	1 e 2
Instalacións eléctricas Terca SLU	2
Elsamex Gestión de infraestructuras SLU	1 e 2
Formatesa Lalín SL	1 e 2

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Cooperación para a súa valoración.





Con data 12/04/2023 o Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación Eugenio J. Marcote Carballo emitiu informe de valoración dos criterios avaliados mediante xuízos de valor con CSV(PKBR0Y48WRK3QEED) informando o seguinte:

*“FORMATESA LALÍN, S.L. e INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS TERCA, S.L.U., para todos os lotes aos que optan, inciden no mesmo defecto: ofertan armarios con envolvente de Poliéster Reforzado con Fibra de Vidro (PRFV) IP 55, IK 10, en lugar de aceiro inoxidable (AISI-304, 2 mm de espesor, pintados exteriormente), IP 66, IK 10, como require o Prego de Prescricións Técnicas Particulares.*

*Este incumprimento supón ademais un importante aforro de custos para aqueles que ofertan envolventes de PRFV en lugar das prescritas. Así pois, debido ao incumprimento das especificacións do PPTP e á vantaxe económica inxusta que iso supón, estímase que iso é causa suficiente para a exclusión desas dúas ofertas.*

*Débese poñer de manifesto que as características que se existen para os armarios eléctricos non supoñen un menoscabo do principio de libre competencia. A maioría dos provedores existentes no mercado poden fornecer ás empresas instaladoras o mesmo tamaño de cadro en diferentes materiais e con diferentes prestacións. Os materiais e características que se existen neste caso son habituais no mercado.”*

As puntuacións obtidas polas restantes empresas para cada un dos lotes son as seguintes:

#### Lote 1

Criterios	Elsamex SL	Electricidad Inmac Condado SL
Calidade das luminarias e da iluminación (max 16 ptos)	16	16,00
Nivel de coñecemento das obras e calidade da planificación (Max 12 ptos)	3,50	12,00
Calidade da aparelaxe eléctrica, dos cadros eléctricos e das canalizacións (Máx 7 ptos)	0,00	7,00
Total puntuación criterios xuízos de valor	19,50	35,00

#### Lote 2:

Criterios	Elsamex SL	Electricidad Inmac Condado SL
Calidade das luminarias e da iluminación (max 16 ptos)	16	16,00
Nivel de coñecemento das obras e calidade da planificación (Max 12 ptos)	3,50	12,00
Calidade da aparelaxe eléctrica, dos cadros eléctricos e das canalizacións (Máx 7 ptos)	0,00	7,00
Total puntuación criterios xuízos de valor	19,50	35,00



A Mesa de contratación na mesma sesión procedeu á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas ao acadar unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (22,50 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas sendo os valores ofertados os que constan no certificado da mesa con (CSV) HD2FWVIJUGX7F957.

Procédese de seguido a efectuar a ponderación de ditos valores de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas.

As puntuacións totais acadadas segundo constan no Informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación con CSV (S1X1BFMOVVKHPIMQ) son as seguintes:

Lote 1

EMPRESAS	Puntuación criterios mediante xuízos de valor	Puntuación criterios automáticos			Puntuación Total
		Prezo	Melloras	Ampliación prazo de garantía	
Elsamex Gestión de Infraestructuras SL	19,5	11,19	15	15	60,69
Electricidad Inmac Condado SL	35	5,651	15	15	70,651

Lote 2

EMPRESAS	Puntuación criterios mediante xuízos de valor	Puntuación criterios automáticos			Puntuación total
		Prezo	Melloras	Ampliación prazo de garantía	
Elsamex Gestión de Infraestructuras SL	19,50	20,545	15,00	15,00	70,045
Electricidad Inmac Condado SL	35,00	5,79	15,00	15,00	70,79

A Mesa de contratación na sesión do día 21/04/2023 acordou propor a exclusión das ofertas presentadas polas empresas “*FORMATESA LALÍN, S.L aos lotes 1 e 2. e INSTALACIONES ELÉCTRICAS TERCA,S.L.U* ao lote nº 2, por incumprir as especificacións do prego de prescricións técnicas e aprobar a clasificación acadada polas ofertas presentadas polas empresas que concorren no procedemento aberto, que queda da seguinte forma:

Lote 1

POSICIÓN	EMPRESAS	Puntuación Total
1ª	Electricidad Inmac Condado SL	70,651
2ª	Elsamex Gestión de Infraestructuras SL	60,69



## Lote 2

POSICIÓN	EMPRESAS	Puntuación total
1ª	Electricidad Inmac Condado SL	70,79
2ª	Elsamex Gestión de Infraestructuras SL	70,045

Asimesmo acordou propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación dos dous lotes do referido procedemento aberto, a empresa Electricidad Inmac Condado SL.

Visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 21/04/2023, comproba que a empresa Electricidad Inmac Condado SL (CIF B-36.380.384) atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 3498, e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

Mediante Resolución Presidencial número 2023003319 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación adoptada na reunión celebrada o día 21/04/2023 e require a empresa Electricidad Inmac Condado SL (CIF B-36.380.384) que presenta a mellor oferta nos dous lotes do contrato, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a restante documentación, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa Electricidad Inmac Condado SL (CIF B-36.380.384) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB 2023027892), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución das garantías definitivas polos seguintes importes:

	Importe	Carta de pago (nº operación)
Lote 1	27.218,21 €	202300087636
Lote 2	12.606,69 €	202300087640

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluír do procedemento de contratación as ofertas presentadas polas empresas “*FORMATESA LALÍN, S.L aos lotes 1 e 2. e INSTALACIONES ELÉCTRICAS TERCA, S.L.U* ao lote nº 2, por incumprir as especificacións do prego de prescricións técnicas.

2.- Adxudicar os dous lotes do contrato de subministración e execución das obras de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos expedientes FEDER-EELL-005815 e FEDER-EELL-005816 financiados nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020 conforme ao seguinte detalle:

Lote 1:

Empresas	Prezo ofertado (sen iva)	Melloras	Ampliación prazo garantía
Electricidad Inmac Condado SL	544.364,18 €	Opción B	60 meses

Lote 2:

Empresas	Prezo ofertado (sen iva)	Melloras	Ampliación prazo garantía
Electricidad Inmac Condado SL	252.133,75 €	Opción B	60 meses

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/942.1650.652.15.2021 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: parcial de acordo cos seguintes fitos de facturación:

O pagamento efectuarase mediante certificacións mensuais polo importe dos traballos executados obtida das correspondentes medicións e aplicando a porcentaxe de baixa correspondente ao prezo de adxudicación de cada lote.  
A porcentaxe de baixa será a mesma para todas as actuacións que forman parte dun mesmo lote e obterase en función do prezo de adxudicación dese lote.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Nº de expte e lote	2023008926 Lote_____	
Órgano xestor:	LA0006138	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: . O Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación, Eugenio José Marcote Carballo ou persoa na que delegue.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de dez días naturais, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

18.32602.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

19.32603.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

